



## MANIFESTO POLA PAZ 2018

Desde 1964 cada 30 de xaneiro celebramos o DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ, coñecido tamén como o DÍA MUNDIAL OU INTERNACIONAL DA NON VIOLENCIA E A PAZ.

Celébrase con motivo do aniversario da morte de Mahatma Gandhi, o home do *alma grande*, que coa súa loita pacífica e as súas accións de non violencia, conseguiu que a independencia da India, o seu país natal, fixérase realidade.

Nesta data lembramos a necesidade da educación para a tolerancia, a solidariedade e o respecto aos dereitos humanos, a non violencia e a Paz.

**Por iso os nenos, nenas e todas as persoas que formamos parte da Comunidade Educativa do CEIP A Paz queremos que se escoite a nosa voz, polo que imos berrar:**

NON A EXPLOTACIÓN INFANTIL!

NON A DISCRIMINACIÓN POR CUESTIÓNS DE SEXO, RAZA OU CRENZAS!

NON AO ACOSO ESCOLAR!

NON A TODOS AQUELES QUE ATENTAN CONTRA A NATUREZA E DESTRÚEN OS NÓSOS BOSQUES!

NON AS NOSAS PROPIAS VIOLENCIAS: RIÑAS, INSULTOS, PELEXAS...!

NON AO TERRORISMO!

**E dicimos:**

SI Á VIDA!

SI AO DEREITO A SER FELICES!

SI Á LIBERDADE DE EXPRESIÓN!

SI AO ENTENDIMENTO ENTRE OS POBOS!

SI A UNHA VIVENDA DIGNA!

SI AO DEREITO A UNHA EDUCACIÓN E UNHA SANIDADE PARA TODOS!

SI A UN PRATO DE COMIDA QUENTE!

SI Á PAZ!

Os nenos e nenas de hoxe, somos os adultos de mañá polo que poñémonos en pé de Paz para comprometermos a vivir a paz como unha conduta diaria, porque queremos un mundo seguro e acolledor onde non haxa sitio para o medo e a violencia, porque queremos crer que un mundo mellor é posible.